

**PLAN MUNICIPAL DE
PREVENCIÓN E DEFENSA
CONTRA OS INCENDIOS
FORESTAIS DO CONCELLO DE
GUNTÍN**



Xullo 2022

ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	1
1.1	Antecedentes e xustificación	1
1.2	Obxectivos	2
1.3	Aprobación do Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais	3
2	ÁMBITO TERRITORIAL	4
2.1	Situación, límites e superficies	4
2.2	Parroquias e núcleos de poboación	5
2.3	Caracterización do medio natural	6
2.3.1	Topografía	6
2.3.2	Climatoloxía	7
2.3.3	Edafoloxía	7
2.3.4	Hidroloxía	10
2.3.6	Flora	10
2.3.7	Fauna	12
2.4	Espazos naturais protexidos	14
3	ANÁLISE DO RISCO DE INCENDIOS	14
3.1	Histórico de incendios	15
3.1.1	Número de incendios e superficie queimada	15
3.1.2	Parroquias de Alta Actividade Incendiaria (PAAI)	20
3.1.3	Activación do PEIFOGA en situación 2	22
4	XESTIÓN DA BIOMASA	27
4.1	Definición das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa	27
4.1.1	Perimetral ao solo urbano, núcleo rural e urbanizable	28
4.1.2	Arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolineras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte e arredor das edificacións illadas destinadas ás persoas	29
4.2	Xestión da biomasa en pistas, vías, camiños, estradas de titularidade municipal	29
4.3	Xestión da biomasa nos montes de titularidade municipal	30
4.4	Relación de parcelas afectadas	30

ANEXOS

- 1 Relación de parcelas afectadas

PLANOS

- 1 Plano de Situación
- 2 Rede de defensa contra os incendios forestais
 - 2.1 Rede secundaria de faixas de xestión da biomasa perimetral ao solo urbano, núcleo rural e urbanizable, e arredor das edificacións illadas

MEMORIA

1 INTRODUCCIÓN

1.1 Antecedentes e xustificación

O monte constitúe un patrimonio esencial para o desenvolvemento sustentable de Galicia, onde os terreos de monte constitúen máis do 65% da súa superficie e onde integrados con eles hai 313 concellos cuns 31.550 núcleos de poboación.

Mais o importante valor que o monte desempeña para a nosa sociedade no seu conxunto vén sendo ameazado pola propagación de incendios forestais, afectando á súa riqueza ambiental e paisaxística e ás actividades agroforestais que se desenvolven nel.

Esta situación débenos facer conscientes de que os incendios forestais no medio rural constitúen unha grave ameaza para calquera política de desenvolvemento rural, ademais de comprometer a sustentabilidade económica e social de Galicia.

Os terreos forestais e as súas zonas de influencia teñen unha configuración específica que dificulta a súa protección contra os incendios forestais; entre outras, estas características son a fragmentación da propiedade, o desequilibrio entre zonas, o abandono da agricultura, a ganadería extensiva sen control e a progresiva transformación das parcelas agrícolas fragmentadas en terreos de monte, o que deu lugar a unha progresiva desorde do territorio incrementando a ameaza derivada dun incendio forestal.

O *Estatuto de autonomía de Galicia* no artigo 27.10 e a *Constitución de 1978* nos artigos 148.1.8 e 149.1.23 determinan o marco normativo xeral de referencia en materia de prevención e incendios forestais. A *Lei 43/2003, de 21 de novembro, de montes*, atribúe á Comunidade Autónoma a facultade para desenvolver os aspectos de defensa contra incendios forestais dotando dun marco regulador legislativo que contribúe a fortalecer a seguridade xurídica das administracións públicas galegas e dos cidadáns na prevención e defensa contra os incendios forestais.

A *Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia*, ten por obxecto establecer o marco normativo

dos montes e terreos forestais existentes na Comunidade Autónoma de Galicia, e será aplicable a todos os montes ou terreos forestais do territorio.

A *Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia*, estrutura o planeamento de defensa do espazo rural fronte aos incendios forestais, en varios niveis: galego, de distrito, municipal e inframunicipal. No seu *artigo 7* atribúe a competencia dos concellos de elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, adoptar as medidas de prevención de incendios forestais que lles correspondan en terreos que lles sexan da súa titularidade, ordenar a execución das obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa vexetal nas condicións precisas que eviten os incendios, e de forma máis concreta a ordenación e execución subsidiaria da xestión da biomasa, así coma o deber de xestionar as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa e as faixas laterais das redes viarias da súa titularidade.

Neste marco, o planeamento a nivel municipal integrará nos plans de emerxencias municipais as actuacións de prevención e defensa contra os incendios forestais, con arranxo ó previsto na lexislación de emerxencias, sendo a *Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil*, a *Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia* (Platerga) e o Plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (Peifoga).

1.2 Obxectivos

O obxectivo principal do presente Plan Municipal de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, en cumprimento do establecido na *Lei 3/2007*, é a definición da rede de faixas secundarias de xestión de biomasa, formadas por un conxunto de parcelas lineais do territorio estratexicamente localizadas, e garantir o control e a eliminación total ou parcial da biomasa forestal, mediante técnicas silvícolas axeitadas, co fin principal de reducir o risco de incendio e protexer a seguranza das persoas.

Este obxectivo fundamental concrétase nunha serie de accións sobre o territorio que buscan

organizar a xestión da biomasa en zonas estratéxicas, especialmente aquelas declaradas de alto risco de incendio, unido á construción e mantemento de faixas exteriores de protección de zonas poboadas, o tratamento de áreas forestais nun esquema de intervención segundo modelos silvícolas previamente establecidos, no ámbito da defensa de persoas e bens e a defensa dos montes.

A redacción do presente Plan pretende, por tanto, aportar un documento que conteña as accións necesarias para a defensa contra os incendios forestais efectuando unha análise da situación actual, e establece unha zonificación do territorio como marco das directrices de actuación a realizar para acadar os obxectivos propostos.

1.3 Aprobación do Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais

É competencia dos concellos elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, e integralos nos plans de emerxencias municipais, de acordo co previsto na lexislación galega de emerxencias.

Os plans deberán ser redactados por técnicos competentes en materia forestal.

A estrutura deste plan, ven definida no *artigo 16 da Lei 3/2007*, e axustarase ás directrices que estableza a normativa aplicable en materia de emerxencias.

Será a dirección xeral competente en materia forestal quen emita informe preceptivamente e con carácter vinculante sobre os plan municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais antes da súa aprobación. O ámbito do plan poderá ser de todo o concello ou ilo desenvolvendo por zonas.

A coordinación e a xestión do planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais compétenlle a alcaldía. A elaboración, execución e actualización deste planeamento ten carácter obrigatorio.

Os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais deberán adaptarse ao disposto nesta Lei nun prazo de cinco anos desde a súa entrada en vigor.

2 ÁMBITO TERRITORIAL

O marco xeográfico obxecto do presente Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais é o concello de Guntín, localizado na provincia de Lugo, dentro do Distrito Forestal IX Lugo-Sarria.

2.1 Situación, límites e superficies

Situación

O concello de Guntín sitúase na provincia de Lugo. As súas coordenadas xeográficas son:


- Latitude: 42°54'2,89"N
- Lonxitude: 7°39'28,84"W

Límites

- Norte: concellos de Friol e Lugo.
- Oeste: concellos de Friol, Palas de Rei e Monterroso.
- Sur: concellos de Portomarín e O Páramo.
- Leste: concellos de O Páramo e O Corgo.

Superficie

Ten unha extensión de 154,8 km².



Mapa 1 Localización do concello

2.2 Parroquias e núcleos de poboación

O concello distribúese en 31 parroquias que se relacionan na seguinte táboa:

Parroquia	Superficie	Habitantes
Castelo de Pallares (S. Salvador)	672,33	124
Costante (S. Miguel)	507,06	72
Entrambasaugas (Santiago)	1409,22	150
Ferreira de Pallares (Sta. María)	1114,47	96
Santa María de Ferroi (Sta. María)	207,17	74
Ferroi (Santiago)	589,59	168
Francos (S. Salvador)	589,10	85
Gomelle (Santiago)	475,28	68
Grolos (Sta. Cruz)	387,30	97
Guntín de Pallares (S. Salvador)	318,68	283
Lamela (Sta. Mariña)	653,78	80
San Mamede de Lousada (S. Mamede)	292,33	89
Lousada (Sta. Eulalia)	172,07	70
San Cibrao de Monte de Meda (S. Cibrao)	288,86	45
Monte de Meda (S. Martiño)	413,93	81
Mosteiro (Sta. María)	697,81	114
A Mota (Sto. Estevo)	415,18	76
Mougán (Sta. María Madanela)	562,94	80
Navallos (S. Pedro)	276,28	32
Ourol (S. Xulián)	353,13	54
Piñeirás (S. Mamede)	172,11	52
Pradeda (Sta. Eulalia)	757,03	223
San Romao da Retorta (S. Romao)	521,25	83
Santa Cruz da Retorta (Sta. Cruz)	524,26	49
Santa Euxea (S. Xoán)	217,49	35
Sirvián (Sta. María)	562,58	51
Vilamaior de Negral (S. Lourenzo)	901,07	75
Vilameá (S. Martiño)	549,09	64
Vilamerelle (S. Vicente)	118,30	26
Vilarmao (S. Miguel)	202,71	33
Zolle (Sta. María)	547,91	89

Táboa 1 Táboa de parroquias e habitantes (Fonte: IGE)

*Superficie en hectáreas



Mapa 2 Mapa de parroquias

2.3 Caracterización do medio natural

2.3.1 Topografía

O concello de Guntín se atopa na zona centro da provincia de Lugo. Dende o punto de vista do relevo, localízase na chamada altiplanicie lucense. As súas altitudes van dende os 335 ata os 788 m. Oscilando as súas altitudes medias entre os 400 e os 600 m. Entre as principais elevacións pódense citar: O Picato (788 m), Pena do Cotillo (712 m) ou Pena de Fornos (707 m). Outros montes son Entrambasaugas, Vilamaior de Negral, Santa Cruz, Grolos, Ladairo ou Pradeda.

En canto ás pendentes, de forma xeral o concello presenta uns valores suaves, excepto na conca media - baixa do río Ferreira (afluente do río Miño), e na desembocadura do río Lavadoiro e Arroio Seco, xa que os vales destes ríos encáixanse nas ladeiras dos montes próximos. Tamén se aprecian pendentes elevadas nas marxes do río Miño e no límite norte do municipio, onde se atopan os picos máis altos.

Estas terras enmárcanse no val fluvial do río Miño, que forma o límite oriental do municipio.

Precisamente, o seu paso por Guntín, o encaixonamento empeza a ser bastante profundo, o que leva consigo un descenso no nivel dos afluentes e fai que estes se encaixen, a súa vez, de forma pronunciada, alterando profundamente o nivel da meseta.

2.3.2 Climatoloxía

O seu clima responde ben ao que Pérez Alberti e Guitián Rivera denominaron oceánico continental, e que abarca unha boa parte do interior da provincia de Lugo (os trazos de continentalidade son tenues, e encádranse dentro do macroclima oceánico de Galicia). As temperaturas medias son suaves (11,9 °C de media anual) e caracterízanse por uns invernos fríos (a media de decembro, xaneiro e febreiro supera en pouco os 6 °C) e veráns cálidos (18,3 °C no mes de agosto), cunha oscilación térmica anual tamén moderada (11,9 °C). Esta relativa suavidade das medias enmascara o rigor das temperaturas extremas, especialmente durante os invernos, cando as xeadas son bastante frecuentes. As precipitacións son tamén bastante típicas dun clima oceánico, relativamente abundantes (1.104 mm de choiva ao ano), caendo en máis de dúas terceiras partes nos meses de outono e inverno (de outubro a marzo), na primavera e especialmente no verán fanse máis escasas, o que, debido a un sensible aumento de temperaturas nas mesmas datas, fai que desde maio a setembro, ambos inclusive, haxa déficit de precipitacións, ao ser estas superadas pola evapotranspiración. De todos os xeitos, a alza das temperaturas fai que o municipio sexa xa o límite setentrional do cultivo da vide ao longo do val do Miño.

2.3.3 Edafoloxía

O municipio forma parte de numerosos dominios e unidades xeográficas que se expoñen a continuación:

Dentro do dominio Olo de Sapo pódese atopar a unidade xeográfica Capas De La Garganta formada por intercalación de ampelitas e liditas ou ben de lousas grises con cloritóide. Estas rochas metamórficas de lousas e cuarcitas, presentan porosidade intergranular, fisuración e grao

de permeabilidade de moi baixa a impermeable.

Tamén dentro deste dominio xeográfico pero dentro da unidade xeográfica Capa De Los Montes, pódense atopar lousas grises con intercalación de cuarcitas e areniscas alternando lousas, filitas negras (xistos micáceos con cuarzos azulados) e cuarcitas feldespáticas. Poden alcanzar gran espesor, incluso de 700 m. Ás veces presentan na base samitas tinguidas de vermello.

Nesta mesma capa De Los Montes tamén se pode atopar microconglomerado arcósico con cuarzos azuis e cuarcitas.

Outra unidade xeográfica con este mesmo dominio é a cuarcita armoricana formada tamén por rochas metamórficas de lousas e cuarcitas con fisuración, grao de permeabilidade media - baixa e alterabilidade moi baixa.

A unidade xeográfica Pizarras de Luarca de lousas grises e negras tamén aparece dentro deste dominio Ollo de Sapo nos límites suroeste e oeste do municipio.

Depósitos Aluviais son a unidade xeográfica que se atopa formando parte do dominio de Depósitos Cuaternarios. Con porosidade intergranular, alto grao de permeabilidade e alto risco de inundación.

Unha boa parte da superficie da zona central e oriental do municipio está formada pola unidade xeográfica Terciario da Conca de Sarria pertencente o dominio de Depósitos Terciarios. Con porosidade intergranular, grao de permeabilidade alta e risco de encharcamento.

No dominio do Manto de Mondoñedo atópase o grupo Cándana, con cuarcitas de Cándana inferior con lousas e cuarcitas. Presentan fisuración, grao de permeabilidade media - baixa e alterabilidade moi baixa. Neste mesmo grupo tamén se atopan Pizarras de Cándana con lousas e areniscas.

No caso da unidade xeográfica do Macizo de Hombreiro con Granito de Dúas Micas pertencente o dominio de Granitos de Afinidade Alcalina, existe variedade de facies por variación da porcentaxe en biotita e moscovita. Ten un complexo filoniano ben desenvolvido de tipo hidrotermal e neumatolítico. Inclúen diferenciados cuarzo feldespáticos con porcentaxes variables de turmalina, granate e moscovita.

Nos extremos este e sueste do concello encóntrase o Macizo de Neira con granitoides biotífticos de granitos tardíos con megacristais ou ben de granitodiorita tardía. Pertencen ó dominio do Granito de Afinidade Calcoalcalina e está formado por rochas graníticas de granitoides calcoalcalinos.

No dominio Precámbrico aparecen dentro da unidade xeolóxica da Serie de Vilalba, tramo inferior (serie Alba), cuarcitas alternantes con xistos mosco - biotífticos, xistos micacífticos con estaucolita, granate e cuercitas micáceas ou lousas con xistos biotífticos, areniscas e gneises anfibolífticos con granate. Trátase de rochas metamórficas con porosidade intergranular, fisuración e grao de permeabilidade de media - baixa no caso dos xistos mosco - biotífticos a moi baixa - impermeable no caso dos xistos micacífticos e das lousas con xistos biotífticos, areniscas e gneises anfibolífticos.

- Nas zonas de menor cota no Monte Ladairo entre Guntín e Pradeda os solos vense afectados polo nivel freático, así aparecen chans con pseudogley e gley - podsol.
- O Lhem Pardo atópase en moita menor proporción, na parroquia de Navallos e Vega Parda Alóctona as beiras do río Miño. Na súa maior parte son terras de textura franco - areosa, con algunhas zoas francas. A maior parte do Concello ten estados erosivos de grado 1 (perdas do solo entre 0 e 5 tm /ha/año) e o grado 5 (perda de solo maior de 50 tm/ha/año) tan só se alcanza en lugares puntuais de forte pendente e sometidos a profundas transformacións, en particular repoboacións forestais intensivas, nas proximidades do núcleo de Guntín.

As terras Pardas ocupan máis da metade da superficie dentro do concello. Así encóntrase terra parda eutrófica, sobre todo na metade sur, terra parda podsolizada nas parroquias de Lamela, Gomelle e Monte de Meda e terra parda de Gley bordeando o Monte Cotoroso. Son solos aptos para acoller e sustentar diversos cultivos, e tamén para a formación de pradairos naturais. En segundo lugar en canto a súa relevancia o constitúen os solos Ranker (pardo, distrófico e gris limoso), que se sitúan preferentemente nas zonas máis montañosas: Monte do Picato, Monte Cotoroso, Pena dos Fornos, etc.

2.3.4 Hidroloxía

O concello de Guntín enmárcase no val fluvial do río Miño, que forma o límite oriental do concello. Dentro dos afluentes do Miño o seu paso por Guntín, destaca o río Ferreira, que constitúe o límite municipal con Palas e Portomarín, desembocando no remate do embalse de Belesar, véndose afectado o seu tramo final por este feito. A maior parte do termo municipal está ocupado polos afluentes do río Ferreira, pola marxe esquerda, entre os que o de maior caudal é o do río Levadoiro. A zona este do municipio está ocupada por ríos e arrosos que desembocan directamente no río Miño. Entre estes destaca o río Colmeiro.

No plan hidrolóxico da Confederación Hidrográfica do Norte, non se observan zoas con risco de inundación. Ademais, segundo o Plan Hidrolóxico Norte I, ningún dos cursos de auga do municipio está incluído como tramo de río de interese Medioambiental nin como tramo de río de interese Natural, e non hai ningunha figura de especial protección ambiental. Tampouco hai áreas que necesiten rexeneración forestal, conservación de solos, nin protección de acuíferos.

2.3.6 Flora

Bioxeograficamente, Galicia encádrase dentro do Reino Holártico e segundo a tipoloxía corolóxica adoptada por Rodríguez Guitián e Ramil Rego (2008), considérase que se inclúe integramente na Provincia Atlántica Europea, pertencente á Subrexión Atlántica - Europea da Rexión Eurosiberiana. Dentro desta unidade o municipio atópase dentro da subprovincia Cántabro - Atlántica, que de forma xeral presenta áreas de forte influencia oceánica e invernos pouco rigorosos. Dentro do territorio Cántabro - Atlántico de Galicia o municipio de Guntín atópase integrado polo Subsector Ulloa - Deza e o Subsector Ourensano - Lugués dentro do sector Galaico - Interior.

En canto á vexetación potencial, dentro do territorio defínense dous pisos bioclimáticos que son o montano e o colino. A maior parte da superficie está formada pola serie 8D montana galaico portuguesa acidófila do carballo (*Quercus robur*), *Vaccinio myrtilli* - *Querceto roboris sigmetum* isto significa que de xeito ideal a vexetación potencial do Concello serían bosques de carballos

(*Quercus robur*) crescendo sobre solos ácidos e como especie acompañante determinante a arandeira (*Vaccinium myrtillus*). A etapa inmediatamente anterior ó bosque serían piorneiras e igualmente se atopan as carballeiras. Como etapa anterior atópanse queirogais de menor porte con especies que soportan mellor solos pobres e de menor potencia. A superficie boscosa se atopa actualmente moi restrinxida aínda que atópanse manchas en áreas de maior pendente (por exemplo en torno o río Ferreira) e polo tanto de máis difícil explotación ou cultivo. Actualmente a maior parte da superficie son prados e pasteiros.

O resto do concello, que corresponde as partes máis baixas, con maior desnivel, que conservan superficies boscosas máis extensas e en mellor estado de conservación, viría determinado pola serie 8C colina galaico - portuguesa acidófila do carballo, coa asociación principal *Rusco aculeati* - *Querceto roboris* - *sigmetum* que son os bosques dominados por quercíneas caducifolio - marcescentes (*Quercus pyrenaica*, *Quercus robur*) desenvolto maioritariamente sobre solos pobres en nutrientes dentro dos pisos termotemperado, mesotemperado e supratemperado inferior, en ombroclimas, neste caso, subhúmidos. Deste xeito, nestas zoas seguen predominando os carballos como árbores dominantes pero as especies acompañantes varían lixeiramente aparecendo o rusco (*Rusco aculeatus*) en substitución da arandeira.

Aínda que os carballos son os árbores dominantes podemos encontrar outras especies acompañantes como o cerquiño (*Quercus pyrenaica*) en zonas máis secas ou castigadas por incendios, o bidueiro (*Betula celtiberica*) en áreas máis frías e húmidas a maior altitude o como especie pioneira. Igualmente podemos atopar castiñeiros (*Castanea sativa*), que nalgúns puntos é dominante. É sinxelo encontrar cultivos forestais baseados en especies exóticas de crecemento rápido, fundamentalmente piñeiro insigne (*Pinus radiata*), piñeiro bravo (*Pinus pinaster*) e eucalipto (*Eucalyptus globulus*).

Estes bosques, a miúdo teñen certo carácter heliófilo e adoita dar a esta coexistencia de carballos (*Quercus robur*) e o rebolo (*Quercus pyrenaica*), polo xeral con *Pyrus cordata*, *Frangula alnus* e *Erica arborea* nun nivel inferior, e diversas especies nemorais relativamente tolerantes á luz, como *Melampyrum pratense*, *Holcus mollis*, *Linaria triornithophora*, *Omphalodes nitida*, *Stellaria*

holostea, Teucrium scorodonia, Vaccinium myrtillus, Lonicera periclymenum ou Clinopodium vulgare.

Os contactos que se establecen con diversos tipos de hábitats arborados como por exemplo bosques mixtos de barrancos, favorecen a presenza doutras especies arbóreas (*Fagus sylvatica, Acer pseudoplatanus, Fraxinus excelsior, Prunus avium, Ilex aquifolium*, etc). Nas áreas baixas (termotipos termotemperado e mesotemperado inferior) *Quercus robur* domina nestes bosques, que se enriquecen con especies termófilas como *Rubia peregrina, Ruscus aculeatus, Arbutus unedo, Genista falcata ou Ulex europaeus.*

Os cultivos de pino (*Pinus sp.*) céntrase fundamentalmente en zonas de monte en áreas de maior altitude e solos máis pobres sen outros usos como o gandeiro ou agrícola. Os cultivos de eucalipto son de implantación máis recente e se localizan sobre pasteiros nos que se abandonou a actividade gandeira.

2.3.7 **Fauna**

En canto á fauna, a presenza de especies faunísticas está condicionada polo medio circundante, especialmente pola cobertura vexetal natural e a presenza humana. A fauna que se pode atopar no concello de Guntín é a seguinte:

Invertebrados:

Agabus brunneus, Bufo calamita, Dupophilus brevis, Esolus parallelepipedus, Graptodytes flavipes, Graptodytes varius, Gyrinus substriatus, Haliplus lineatocollis, Hydraena unca, Hydroporus discretus, Limnius opacus, Limnius volckmari, Lucanus cervus, Margaritifera margaritifera, Normandia nitens, Orectochilus villosus, Oulimnius bertrandi, Oxygastra curtisii, Stictotarsus duodecimpustulatus e Stictonectes epipleuricus.

Anfibios:

Alytes obstetricans, Chioglossa lusitanica, Discoglossus galganoi, Lissotriton boscai, Lissotriton helveticus, Pelophylax perezi, Rana iberica, Rana perezi, Rana temporaria e Salamandra salamandra.

Réptiles:

Anguis fragilis, Coronella austriaca, Chalcides striatus, Lacerta schreiberi, Lacerta lepida, Natrix maura, Natrix natrix, Podarcis bocagei, Podarcis hispanica, Timon lepidus e Vipera seoanei.

Peixes:

Anguilla anguilla, Achondrostoma arcasii, Chondrostoma duriense, Chondrostoma arcasii, Salmo trutta e Squalius carolitertii.

Mamíferos:

Apodemus sylvaticus, Arvicola sapidus, Canis lupus, Capreolus capreolus, Crocidura russula, Eliomys quercinus, Erinaceus europaeus, Felis silvestris, Galemys pyrenaicus, Genetta genetta, Lepus granatensis, Lutra lutra, Martes foina, Meles meles, Microtus agrestis, Microtus lusitanicus, Mus musculus, Mustela nivalis, Mustela erminea, Mustela putorius, Neomys anomalus, Oryctolagus cuniculus, Rattus norvegicus, Rattus rattus, Sciurus vulgaris, Sorex granarius, Sorex minutus, Sus scrofa, Talpa occidentalis e Vulpes vulpes.

Aves:

Aegithalos caudatus, Accipiter gentilis, Accipiter nisus, Actitis hypoleucos, Aegithalos caudatus, Apus apus, Athene noctua Alauda arvensis, Alcedo atthis, Alectoris rufa, Anas platyrhynchos, Anthus trivialis, Ardea cinerea, Apus apus, Athene noctua, Burhinus oedicnemus, Buteo buteo, Caprimulgus europaeus, Carduelis cannabina, Carduelis carduelis, Carduelis chloris, Certhia brachydactyla, Cettia cetti, Circaetus gallicus, Ciconia ciconia, Cinclus cinclus, Circus cyaneus, Circus pygargus, Columba domestica, Columba palumbus, Corvus corax, Corvus corone, Corvus monedula, Coturnix coturnix, Cuculus canorus, Delichon urbicum, Dendrocopos major, Emberiza calandra, Emberiza cia, Emberiza cirrus, Emberiza citrinella, Eptesicus serotinus, Erithacus rubecula, Falco peregrinus, Falco subbuteo, Falco tinnunculus, Fringilla coelebs, Galerida cristata, Gallinula chloropus, Garrulus glandarius, Hieraaetus pennatus, Hippolais polyglotta, Hirundo rustica, Jynx torquilla, Lanius collurio, Lullula arborea, Motacilla alba, Myotis myotis, Motacilla cinerea, Motacilla flava, Oriolus oriolus, Otus scops, Parus ater, Parus caeruleus, Parus cristatus, Parus major, Passer montanus, Passer domesticus, Pernis apivorus, Phoenicurus

ochruros, Phylloscopus bonelli, Phylloscopus collybita/ibericus, Phylloscopus ibericus, Pica pica, Picus viridis, Prunella modularis, Pyrrhula pyrrhula, Regulus ignicapilla, Rhinolophus ferrumequinum, Rhinolophus hipposideros, Riparia riparia, Saxicola rubetra, Saxicola torquatus, Serinus serinus, Sitta europaea, Streptopelia decaocto, Streptopelia turtur, Strix aluco, Sturnus unicolor, Sylvia atricapilla, Sylvia borin, Sylvia communis, Sylvia undata, Tachybaptus ruficollis, Troglodytes troglodytes, Turdus merula, Turdus philomelos, Turdus viscivorus, Tyto alba e Upupa epops.

2.4 Espazos naturais protexidos

Na seguinte táboa recóllense os espazos naturais protexidos presentes total ou parcialmente no concello. Nestas áreas poderanse seguir levando a cabo de maneira ordenada os usos e as actividades tradicionais que non vulneren os valores protexidos. Para o resto das actuacións, incluíndo a realización de edificacións, será precisa a autorización da Consellería de Medio Ambiente.

Nome	Categoría	Código
Miño-Neira	Rede Natura 2000	ES1120019

Táboa 2 Espazos naturais protexidos (Fonte: IET)

3 ANÁLISE DO RISCO DE INCENDIOS

A análise estatística dos incendios forestais acontecidos no concello foi elaborada a partir dos datos proporcionados pola Consellería do Medio Rural para o período 2008-2021.

Segundo o PEIFOGA, o Índice de Risco Potencial (IRP) para o concello é **Moderado** e **SI** está declarado como Zona de Alto Risco (ZAR).

3.1 Histórico de incendios

3.1.1 Número de incendios e superficie queimada

Para o período considerado o concello presenta unha media de 20,07 incendios/ano e 29,20 hectáreas/ano queimadas. O número de incendios forestais ocorridos foi de 281 lumes, queimando un total de 408,79 hectáreas, 109,93 arboradas e 298,86 rasas. Na seguinte táboa e gráfica amósanse os datos de superficies queimadas e o número de incendios ocorridos no período 2008-2021.

Parroquia	Ano	Nº	Superficie Arborada	Superficie Rasa	Superficie Total
Castelo de Pallares (San Salvador)	2008	8	1,00	18,28	19,28
Costante (San Miguel)	2008	1	0,00	1,00	1,00
Entrambasaugas (Santiago)	2008	2	1,03	0,00	1,03
Grolos (Santa Cruz)	2008	2	0,00	2,70	2,70
Monte de Meda (San Martiño)	2008	1	0,00	0,15	0,15
Ourol (San Xulián)	2008	2	0,70	0,21	0,91
Pradeda (Santa Eulalia)	2008	1	0,00	1,20	1,20
Vilamaior de Negral (San Lourenzo)	2008	2	2,20	0,21	2,41
Vilameá (San Martiño)	2008	1	0,03	0,00	0,03
Castelo de Pallares (San Salvador)	2009	10	0,20	18,58	18,78
Entrambasaugas (Santiago)	2009	1	0,01	0,00	0,01
Ferreira de Pallares (Santa María)	2009	1	0,00	0,20	0,20
Ferroi (Santiago)	2009	1	0,00	0,01	0,01
Grolos (Santa Cruz)	2009	5	0,30	4,36	4,66
Lousada (Santa Eulalia)	2009	2	0,05	1,06	1,11
Monte de Meda (San Martiño)	2009	2	0,00	5,52	5,52
Mougán (Santa María Madanela)	2009	2	0,20	0,50	0,70
Piñeirás (San Mamede)	2009	1	0,40	0,00	0,40
Pradeda (Santa Eulalia)	2009	1	0,00	0,02	0,02
San Cibrao de Monte de Meda (San Cibrao)	2009	1	0,00	0,02	0,02
Santa María de Ferroi (Santa María)	2009	3	0,80	0,10	0,90
Castelo de Pallares (San Salvador)	2010	3	0,07	1,26	1,33
Costante (San Miguel)	2010	2	0,00	2,55	2,55
Ferreira de Pallares (Santa María)	2010	1	0,00	0,03	0,03
Piñeirás (San Mamede)	2010	1	0,00	0,03	0,03
Vilameá (San Martiño)	2010	1	0,00	0,01	0,01
Vilarmao (San Miguel)	2010	1	0,00	0,10	0,10
A Mota (Santo Estevo)	2011	2	0,20	0,14	0,34
Castelo de Pallares (San Salvador)	2011	4	0,75	1,74	2,49
Costante (San Miguel)	2011	3	0,00	3,13	3,13
Entrambasaugas (Santiago)	2011	7	2,91	7,00	9,91
Ferreira de Pallares (Santa María)	2011	9	11,81	50,38	62,19

Parroquia	Ano	Nº	Superficie Arborada	Superficie Rasa	Superficie Total
Grolos (Santa Cruz)	2011	3	1,38	0,00	1,38
Lousada (Santa Eulalia)	2011	2	0,00	0,06	0,06
Mosteiro (Santa María)	2011	3	4,49	5,85	10,34
Ourol (San Xulián)	2011	4	0,20	0,69	0,89
San Cibrao de Monte de Meda (San Cibrao)	2011	1	0,00	0,80	0,80
Santa Euxea (San Xoán)	2011	4	7,22	2,00	9,22
Santa María de Ferroi (Santa María)	2011	4	0,54	0,91	1,45
Vilamaior de Negral (San Lourenzo)	2011	2	2,08	0,00	2,08
Vilarmao (San Miguel)	2011	2	1,54	0,61	2,15
Zolle (Santa María)	2011	3	2,32	15,85	18,17
A Mota (Santo Estevo)	2012	1	0,00	0,01	0,01
Castelo de Pallares (San Salvador)	2012	9	3,98	4,35	8,33
Entrambasaugas (Santiago)	2012	4	0,48	11,92	12,40
Ferreira de Pallares (Santa María)	2012	2	0,00	1,62	1,62
Francos (San Salvador)	2012	1	0,00	0,37	0,37
Grolos (Santa Cruz)	2012	5	1,50	0,00	1,50
Guntín de Pallares (San Salvador)	2012	1	0,00	1,30	1,30
Lamela (Santa Mariña)	2012	2	0,00	0,08	0,08
Lousada (Santa Eulalia)	2012	1	0,00	0,92	0,92
Monte de Meda (San Martiño)	2012	1	0,50	3,50	4,00
Mougán (Santa María Madanela)	2012	3	0,37	0,46	0,83
Ourol (San Xulián)	2012	12	1,30	1,42	2,72
Pradeda (Santa Eulalia)	2012	1	0,45	0,00	0,45
San Cibrao de Monte de Meda (San Cibrao)	2012	1	0,00	4,64	4,64
San Romao da Retorta (San Romao)	2012	1	0,02	0,00	0,02
Santa Cruz da Retorta (Santa Cruz)	2012	1	1,11	0,00	1,11
Santa Euxea (San Xoán)	2012	1	0,00	0,90	0,90
Santa María de Ferroi (Santa María)	2012	1	0,20	0,40	0,60
Vilamaior de Negral (San Lourenzo)	2012	2	1,61	1,12	2,73
Zolle (Santa María)	2012	5	0,40	0,52	0,92
A Mota (Santo Estevo)	2013	1	0,52	0,04	0,56
Ferreira de Pallares (Santa María)	2013	2	0,27	0,43	0,70
Gomelle (Santiago)	2013	1	0,06	0,00	0,06
Grolos (Santa Cruz)	2013	1	0,40	0,66	1,06
Monte de Meda (San Martiño)	2013	2	1,03	0,57	1,60
Ourol (San Xulián)	2013	2	0,27	0,01	0,28
Piñeiras (San Mamede)	2013	2	4,27	6,04	10,31
Pradeda (Santa Eulalia)	2013	1	0,23	0,00	0,23
San Mamede de Lousada (San Mamede)	2013	1	0,00	0,11	0,11
Santa María de Ferroi (Santa María)	2013	1	0,37	0,00	0,37
Zolle (Santa María)	2013	2	0,30	0,47	0,77
Grolos (Santa Cruz)	2014	1	0,00	0,39	0,39
Mougán (Santa María Madanela)	2014	2	0,00	0,10	0,10
Ourol (San Xulián)	2014	5	0,16	2,22	2,38
Vilarmao (San Miguel)	2014	1	0,00	0,10	0,10
Castelo de Pallares (San Salvador)	2015	3	0,90	27,70	28,60

Parroquia	Ano	Nº	Superficie Arborada	Superficie Rasa	Superficie Total
Entrambasaugas (Santiago)	2015	1	0,00	0,02	0,02
Ferreira de Pallares (Santa María)	2015	1	4,70	0,00	4,70
Francos (San Salvador)	2015	1	0,00	0,16	0,16
Grolos (Santa Cruz)	2015	4	0,38	0,05	0,43
Guntín de Pallares (San Salvador)	2015	1	0,83	0,00	0,83
Lamela (Santa Mariña)	2015	1	0,00	0,05	0,05
Monte de Meda (San Martiño)	2015	1	0,00	0,55	0,55
Mougán (Santa María Madanela)	2015	4	0,06	0,22	0,28
Ourol (San Xulián)	2015	3	0,19	0,75	0,94
Pradeda (Santa Eulalia)	2015	1	0,00	0,01	0,01
Santa Euxea (San Xoán)	2015	2	0,18	0,34	0,52
Vilamaior de Negral (San Lourenzo)	2015	1	0,28	0,00	0,28
Vilameá (San Martiño)	2015	1	0,00	0,01	0,01
Zolle (Santa María)	2015	3	2,20	4,07	6,27
Entrambasaugas (Santiago)	2016	1	0,05	0,00	0,05
Ferreira de Pallares (Santa María)	2016	1	0,00	0,01	0,01
Grolos (Santa Cruz)	2016	3	0,98	0,02	1,00
Guntín de Pallares (San Salvador)	2016	1	0,00	0,04	0,04
Lamela (Santa Mariña)	2016	1	0,32	0,00	0,32
Mougán (Santa María Madanela)	2016	2	0,00	1,09	1,09
Ourol (San Xulián)	2016	3	0,00	0,41	0,41
Zolle (Santa María)	2016	1	0,70	1,00	1,70
Castelo de Pallares (San Salvador)	2017	2	16,00	9,03	25,03
Costante (San Miguel)	2017	2	4,85	9,23	14,08
Entrambasaugas (Santiago)	2017	3	0,20	5,40	5,60
Ferreira de Pallares (Santa María)	2017	5	0,09	0,48	0,57
Guntín de Pallares (San Salvador)	2017	1	0,00	0,02	0,02
Lamela (Santa Mariña)	2017	1	0,00	1,94	1,94
Mougán (Santa María Madanela)	2017	1	0,70	0,28	0,98
Ourol (San Xulián)	2017	6	0,29	1,00	1,29
San Cibrao de Monte de Meda (San Cibrao)	2017	1	0,00	0,30	0,30
Santa Euxea (San Xoán)	2017	1	0,30	2,62	2,92
Vilamerelle (San Vicente)	2017	1	0,17	0,00	0,17
Zolle (Santa María)	2017	2	0,00	0,75	0,75
Costante (San Miguel)	2018	1	0,00	0,14	0,14
Ferreira de Pallares (Santa María)	2018	4	12,09	37,13	49,22
Grolos (Santa Cruz)	2018	1	0,16	0,00	0,16
Ourol (San Xulián)	2018	1	0,01	0,00	0,01
Vilamaior de Negral (San Lourenzo)	2018	1	0,00	0,46	0,46
Ferreira de Pallares (Santa María)	2019	1	0,25	0,60	0,85
Mougán (Santa María Madanela)	2019	2	0,14	0,00	0,14
Navallos (San Pedro)	2019	1	0,09	0,00	0,09
Ourol (San Xulián)	2019	1	0,00	0,03	0,03
Castelo de Pallares (San Salvador)	2020	1	0,03	0,00	0,03
Mosteiro (Santa María)	2020	1	0,00	0,01	0,01
A Mota (Santo Estevo)	2021	1	0,00	0,01	0,01
Entrambasaugas (Santiago)	2021	3	0,00	0,13	0,13

Parroquia	Ano	Nº	Superficie Arborada	Superficie Rasa	Superficie Total
Monte de Meda (San Martiño)	2021	2	0,56	0,32	0,88
San Cibrao de Monte de Meda (San Cibrao)	2021	1	0,00	0,55	0,55
TOTAL		281	109,93	298,86	408,79


Táboa 3 Número de incendios e superficie queimada no período 2008-2021 (Fonte: Consellería do Medio Rural)

*Superficie en hectáreas

Parroquia	TOTAL	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
A Mota (Santo Estevo)	5	0	0	0	2	1	1	0	0	0	0	0	0	0	1
Castelo de Pallares (San Salvador)	40	8	10	3	4	9	0	0	3	0	2	0	0	1	0
Costante (San Miguel)	9	1	0	2	3	0	0	0	0	0	2	1	0	0	0
Entrambasaugas (Santiago)	22	2	1	0	7	4	0	0	1	1	3	0	0	0	3
Ferreira de Pallares (Santa María)	27	0	1	1	9	2	2	0	1	1	5	4	1	0	0
Ferroi (Santiago)	1	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Francos (San Salvador)	2	0	0	0	0	1	0	0	1	0	0	0	0	0	0
Gomelle (Santiago)	1	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0
Grolos (Santa Cruz)	25	2	5	0	3	5	1	1	4	3	0	1	0	0	0
Guntín de Pallares (San Salvador)	4	0	0	0	0	1	0	0	1	1	1	0	0	0	0
Lamela (Santa Mariña)	5	0	0	0	0	2	0	0	1	1	1	0	0	0	0
Lousada (Santa Eulalia)	5	0	2	0	2	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Monte de Meda (San Martiño)	9	1	2	0	0	1	2	0	1	0	0	0	0	0	2
Mosteiro (Santa María)	4	0	0	0	3	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0
Mougán (Santa María Madanela)	16	0	2	0	0	3	0	2	4	2	1	0	2	0	0
Navallos (San Pedro)	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0
Ouro (San Xulián)	39	2	0	0	4	12	2	5	3	3	6	1	1	0	0
Piñeiras (San Mamede)	4	0	1	1	0	0	2	0	0	0	0	0	0	0	0
Pradeda (Santa Eulalia)	5	1	1	0	0	1	1	0	1	0	0	0	0	0	0
San Cibrao de Monte de Meda (San Cibrao)	5	0	1	0	1	1	0	0	0	0	1	0	0	0	1

Parroquia	TOTAL	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
San Mamede de Lousada (San Mamede)	1	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0
San Romao da Retorta (San Romao)	1	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Santa Cruz da Retorta (Santa Cruz)	1	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Santa Euxea (San Xoán)	8	0	0	0	4	1	0	0	2	0	1	0	0	0	0
Santa María de Ferroi (Santa María)	9	0	3	0	4	1	1	0	0	0	0	0	0	0	0
Vilamaior de Negral (San Lourenzo)	8	2	0	0	2	2	0	0	1	0	0	1	0	0	0
Vilameá (San Martiño)	3	1	0	1	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0
Vilamerelle (San Vicente)	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0
Vilarmao (San Miguel)	4	0	0	1	2	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0
Zolle (Santa María)	16	0	0	0	3	5	2	0	3	1	2	0	0	0	0
TOTAL	281	20	30	9	53	55	16	9	28	13	26	8	5	2	7

Táboa 4 Distribución dos incendios no período 2008-2021 (Fonte: Consellería do Medio Rural)



Gráfica 1 Superficie quemada e número de incendios ocorridos no período 2008-2021 (Fonte: Elaboración propia)

3.1.2 Parroquias de Alta Actividade Incendiaria (PAAI)

Segundo a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia as parroquias de alta actividade incendiaria son aquelas parroquias incluídas en zonas declaradas como de alto risco que, polo número de incendios forestais reiterados ou pola súa gran virulencia, precisen medidas extraordinarias de prevención de incendios e de protección dos montes fronte aos impactos producidos por eles.

Nas parroquias de alta actividade incendiaria realizarase un seguimento exhaustivo de calquera actividade incluída no territorio e intensificaranse as actuacións de vixilancia e disuasión.

No concello de Guntín non hai declarada ningunha parroquia de alta actividade incendiaria segundo o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA 2022).


Amósanse a continuación os datos desagregados por parroquias. Tal e como se pode apreciar, o maior número de incendios ocorre nas parroquias de Castelo de Pallares (San Salvador) e Oural (San Xulián), sendo a de Ferreira de Pallares (Santa María) a que presenta maior superficie queimada.

Parroquia	Nº	Superficie Arborada	Superficie Rasa	Superficie Total
A Mota (Santo Estevo)	5	0,72	0,20	0,92
Castelo de Pallares (San Salvador)	40	22,93	80,94	103,87
Costante (San Miguel)	9	4,85	16,05	20,90
Entrambasaugas (Santiago)	22	4,68	24,47	29,15
Ferreira de Pallares (Santa María)	27	29,21	90,88	120,09
Ferroi (Santiago)	1	0,00	0,01	0,01
Francos (San Salvador)	2	0,00	0,53	0,53
Gomelle (Santiago)	1	0,06	0,00	0,06
Grolos (Santa Cruz)	25	5,10	8,18	13,28
Guntín de Pallares (San Salvador)	4	0,83	1,36	2,19
Lamela (Santa Mariña)	5	0,32	2,07	2,39
Lousada (Santa Eulalia)	5	0,05	2,04	2,09
Monte de Meda (San Martiño)	9	2,09	10,61	12,70
Mosteiro (Santa María)	4	4,49	5,86	10,35
Mougán (Santa María Madanela)	16	1,47	2,65	4,12
Navallos (San Pedro)	1	0,09	0,00	0,09
Oural (San Xulián)	39	3,12	6,74	9,86
Piñeiras (San Mamede)	4	4,67	6,07	10,74
Pradedá (Santa Eulalia)	5	0,68	1,23	1,91

Parroquia	Nº	Superficie Arborada	Superficie Rasa	Superficie Total
San Cibrao de Monte de Meda (San Cibrao)	5	0,00	6,31	6,31
San Mamede de Lousada (San Mamede)	1	0,00	0,11	0,11
San Romao da Retorta (San Romao)	1	0,02	0,00	0,02
Santa Cruz da Retorta (Santa Cruz)	1	1,11	0,00	1,11
Santa Euxea (San Xoán)	8	7,70	5,86	13,56
Santa María de Ferroi (Santa María)	9	1,91	1,41	3,32
Vilamaior de Negral (San Lourenzo)	8	6,17	1,79	7,96
Vilameá (San Martiño)	3	0,03	0,02	0,05
Vilamerelle (San Vicente)	1	0,17	0,00	0,17
Vilarmao (San Miguel)	4	1,54	0,81	2,35
Zolle (Santa María)	16	5,92	22,66	28,58
TOTAL	281	109,93	298,86	408,79

Táboa 5 Número total de lumes por parroquia e superficie queimada no período 2008-2021 (Fonte: Consellería do Medio Rural)

*Superficie en hectáreas



Gráfica 2 Superficie queimada e número de incendios forestais por parroquia para o período 2008-2021

3.1.3 Activación do PEIFOGA en situación 2

Segundo o establecido na Directriz básica de planificación de protección civil de emerxencia por incendios forestais (Real Decreto 893/2013, do 15 de novembro) e no PEIFOGA, a clasificación dos lumes depende do establecemento previo dun índice de gravidade potencial, en función do cal se declarará unha situación operativa.

Os índices de gravidade potencial dos lumes determínanse en función da topografía da zona, das dimensións do incendio, dos combustibles existentes, das características das masas forestais ameazadas, das infraestruturas de defensa contra incendios (devasas, rede viaria, reservas e puntos de auga etc.), das condicións meteorolóxicas reinantes (vento, temperatura, humidade relativa), das posibles ameazas potenciais para as persoas non relacionadas cos labores de extinción, da presenza de instalacións e infraestruturas sensibles (tendidos eléctricos, gasodutos, estradas principais...).

Os lumes clasifícanse segundo o seu nivel de gravidade potencial, mediante a seguinte escala:

- **Índice de gravidade potencial 0:** Referido a aquel incendio en que, na súa evolución máis desfavorable, non hai ameaza ningunha para aquelas persoas non relacionadas co dispositivo de extinción, nin para bens distintos aos de natureza forestal, e o dano forestal esperable é moi reducido (pola extensión do incendio ou polas características da masa afectada).
- **Índice de gravidade potencial 1:** Referido a aquel incendio en que, na súa evolución máis desfavorable, se prevé a necesidade de poñer en práctica medidas para a protección de persoas alleas ao dispositivo de extinción e existen bens illados ameazados de natureza non forestal (infraestruturas sensibles ou redes de subministracións), e o dano forestal esperable é considerable (pola extensión do incendio ou polas características da masa afectada).
- **Índice de gravidade potencial 2:** Referido a aquel incendio en que, na súa evolución máis desfavorable, se prevé unha ameaza seria dos núcleos de poboación ou das

infraestruturas de especial importancia, e o dano forestal esperable é moi importante (pola extensión do incendio ou polas características da masa afectada), de xeito que se fai necesario adoptar inmediatamente medidas para a atención e o socorro da poboación ou para a protección dos bens.

- **Índice de gravidade potencial 3:** Referido a aquel incendio en que, unha vez apreciadas as circunstancias anteriores no seu índice máximo de gravidade, concorren outras sobre o dispositivo de extinción que imposibilitan continuar co labor encamiñado ao control do incendio.

O índice de gravidade potencial dos incendios establecerá o centro de coordinación central do SPDCIF, a proposta do director técnico de extinción.

A situación operativa dos plans será consecuencia dos danos ocorridos ou do dano potencial que, de forma técnica e realista, se prevé que pode chegar a ocasionar (índice de gravidade potencial) e da dispoñibilidade de medios e recursos dispostos, e teranse en conta ademais outros criterios relativos a:

- A simultaneidade temporal e/ou a concentración espacial de conatos ou incendios forestais que poderían ter lugar nun espazo territorial determinado.
- A suficiencia, idoneidade e disposición dos medios e recursos cos que conte o plan para o control do incendio e/ou para a atención e o socorro da poboación afectada.
- A estacionalidade temporal, así como a activación e posta en servizo dos dispositivos de prevención e extinción de incendios forestais determinados nos plans.
- Outras circunstancias de índole administrativa por razón do espazo territorial afectado, ou pola intensidade e/ou a gravidade das consecuencias sobrevidas ou potenciais sobre as persoas e os seus bens.
- Calquera outra a criterio da autoridade a quen lle corresponda a dirección do plan activado correspondente.

Atendendo aos criterios anteriores, as situacións operativas do PEIFOGA son:

- **Situación 0:** Situación de emerxencia provocada por un ou varios incendios forestais

que, na súa evolución previsible, poidan afectar só bens de natureza forestal e poidan ser controlados cos medios e recursos do propio plan local ou da comunidade autónoma, incluídos os medios do Estado, a condición de que estes últimos actúen dentro da súa zona de actuación preferente. A situación 0 corresponderá con carácter xeral a incendios con IGP0.

- **Situación 1:** Situación de emerxencia provocada por un ou varios incendios forestais que, na súa evolución previsible, poidan afectar gravemente bens forestais e, se é o caso, levemente a poboación e os bens de natureza non forestal e que poidan ser controlados cos medios e recursos do plan da comunidade autónoma, ou para cuxa extinción poida ser necesario que, a solicitude do órgano competente da comunidade autónoma e tras a valoración da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior ou da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, segundo corresponda, sexan incorporados medios extraordinarios.

O plan activarase en situación 1 para incendios IGP0 cando sexa necesaria a incorporación de medios extraordinarios, ou ben para incendios IGP1, declarados así porque o dano esperado é considerable, pola extensión do incendio ou polas características da masa afectada, pero nos que non é necesario poñer en práctica medidas de protección dirixidas á poboación allea ao dispositivo de extinción.

- **Situación 2:** Situación de emerxencia provocada por un ou varios incendios forestais que, na súa evolución previsible, poidan afectar gravemente a poboación e os bens de natureza non forestal, e que esixen a adopción inmediata de medidas de protección e socorro. Pode ser necesario que, a solicitude do órgano competente da comunidade autónoma, sexan incorporados medios extraordinarios ou que poden comportar situacións que deriven cara ao interese nacional.

O plan activarase en situación 2 para incendios IGP1 ou superiores cando a cualificación veña motivada pola afección á poboación e aos bens de natureza non forestal (vías

principais de comunicación e redes principais de subministración) e sexa necesario adoptar medidas de protección dirixidas á poboación, tales como evacuación e/ou albergue.

A cualificación da situación operativa do plan será establecida polo director do plan a través do centro de coordinación central do SPDCIF para as situacións 0 e 1 e, polo delegado territorial da Xunta de Galicia na provincia que estea afectada polo lume, para a situación 2, a proposta do centro de coordinación central do SPDCIF. Esta cualificación poderá variar de acordo coa evolución do incendio. Así mesmo, a situación operativa 1 será comunicada ao organismo competente en materia de protección civil, a través do CAE112.

- **Situación 3:** Situación de emerxencia correspondente e consecutiva á declaración de emerxencia de interese nacional polo Ministerio do Interior. Efectuarase por propia iniciativa ou a instancia do conselleiro competente en materia de protección civil ou do delegado do Goberno en Galicia.

En incendios IGP1, nos que se prevexa a necesidade de poñer en práctica medidas de protección á poboación allea ao dispositivo de extinción, podendo ser ou non necesarios a incorporación de medios extraordinarios, activarase o plan en situación 2.

O procedemento será o seguinte:

Unha vez determinada polo CCC, a proposta do director técnico de extinción, a necesidade de poñer en práctica de medidas de protección dirixidas á poboación, procederá a solicitar a declaración de situación 2 do PEIFOGA, e trasladará ao técnico de garda do sistema integrado de emerxencias o motivo da solicitude: persoas ou bens ameazados, posibilidade de evacuación, cortes de estradas, ferrocarril etc.

Unha vez declarada a situación 2, comunicarase a:

- Xefe/a do Servizo Provincial de Emerxencias, ou persoa que o substitúa.
- Alcalde/s dos concellos afectados.
- Delegación e Subdelegación do Goberno.

- Xefe/a Territorial de Presidencia.
- Xefe/a Territorial de Medio Rural.
- Dirección xeral de Emerxencias e Interior.
- Xerente de la Axencia Galega de Emerxencias.

E mobilizaranse os grupos operativos previstos, segundo as necesidades:

- Sanitaria.
- Apoio loxístico e seguridade.
- Medios de intervención non adscritos á situación 0 e 1.
- Medios extraordinarios, sempre a solicitude do CCC, segundo o determinado na situación 1.

Unha vez que o incendio deixe de poñer en perigo persoas e/ou bens de natureza non forestal, e cando o delegado territorial desactive a situación 2, o técnico de garda comunicarllo a:

- Alcalde do municipio.
- Xefe territorial de Presidencia.
- Xefe territorial de Medio Rural.
- Xefe de Emerxencias da provincia ou persoa que o substitúa.
- Delegación e Subdelegación do Goberno.
- CCC.

A desactivación da situación será transmitida aos responsables dos grupos operativos que fosen mobilizados.

No concello non foi activada a situación operativa 2 do PEIFOGA durante período 2008-2021.

4 XESTIÓN DA BIOMASA

Segundo o *artigo 20 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia*, a xestión da biomasa existente nos terreos forestais e nas zonas de influencia forestal é realizada a través de faixas, situadas en lugares estratéxicos, onde se procede á modificación ou á súa remoción total ou parcial, buscando a rotura da continuidade horizontal e vertical da biomasa presente.

4.1 Definición das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa

As redes secundarias teñen un ámbito municipal e posúen a función prioritaria de protección dos núcleos poboacionais, das infraestruturas, dos equipamentos sociais, das zonas edificadas, dos parques e dos polígonos industriais (Art. 20.4).

- 1 Nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais será obrigatorio para as persoas que resulten responsables consonte o *artigo 21 ter* xestionar a biomasa vexetal, de acordo cos criterios estipulados nesta Lei e na súa normativa de desenvolvemento, nunha franxa de 50 metros:
 - a Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, sen prexuízo do disposto na *disposición transitoria quinta*.
- 2 Con carácter xeral, na mesma franxa de 50 metros mencionada no número anterior non poderá haber árbores das especies sinaladas na *disposición adicional terceira*.
- 3 As distancias mencionadas neste artigo, mediranse, segundo os casos:
 - a. Desde o límite do solo urbano, de núcleo rural e urbanizable.
 - b. Desde os paramentos exteriores das edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, ou os límites das súas instalacións anexas.
 - c. Desde o límite das instalacións no caso dos depósitos de lixo, gasoleiras e parques e instalacións industriais.

- d. Desde o peche perimetral no caso dos cámpings.

4.1.1 Perimetral ao solo urbano, núcleo rural e urbanizable

A *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*, no seu *artigo 15*, define os tipos de solo nos que os plans xerais de ordenación e os plans básicos municipais deberán clasificar o territorio municipal: urbano, de núcleo rural, urbanizable e rústico.

No *artigo 16* da citada Lei, di que os plans xerais e os plans básicos clasificarán como solo urbano os terreos que estean integrados na malla urbana existente, sempre que reúnan algún dos seguintes requisitos:

- a. Que contén con acceso rodado público e cos servizos de abastecemento de auga, evacuación de augas residuais e subministración de enerxía eléctrica, proporcionados mediante as correspondentes redes públicas ou pertencentes ás comunidades de usuarios reguladas pola lexislación sectorial de augas, e con características axeitadas para servir á edificación existente e á permitida polo plan.

Para estes efectos, os servizos construídos para a conexión dun sector de solo urbanizable, as estradas e as vías da concentración parcelaria non servirán de soporte para a clasificación como urbanos dos terreos adxacentes, agás cando estean integrados na malla urbana.

- b. Que, aínda carecendo dalgúns dos servizos citados no punto anterior, estean comprendidos en áreas ocupadas pola edificación, polo menos nas dúas terceiras partes dos espazos aptos para ela, segundo a ordenación que o plan xeral ou o plan básico establezan.

O *artigo 27* di que constituirán o solo urbanizable os terreos que o planeamento considere necesarios e axeitados para permitir o crecemento da poboación e da actividade económica ou para completar a súa estrutura urbanística.

O *artigo 23* di que constitúen o solo de núcleo rural as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente

nos censos e padróns oficiais que o planeamento defina e delimite tendo en conta o número de edificacións, a densidade de vivenda, o seu grado de consolidación pola edificación e, de ser o caso, a tipoloxía tradicional da súa armazón e das edificacións existentes nel.

4.1.2 Arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleneiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte e arredor das edificacións illadas destinadas ás persoas

A maiores da franxa perimetral de 50 metros arredor dos solos urbano, de núcleo rural e urbanizable, xestionarase a biomasa:

- a. Arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleneiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte.
- b. Arredor das edificacións illadas destinadas ás persoas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.

4.2 Xestión da biomasa en pistas, vías, camiños, estradas de titularidade municipal

As redes terciarias de faixas de xestión de biomasa localízanse nos terreos forestais e nas zonas de influencia forestal e están vinculadas ás infraestruturas de uso público, así como ás seguintes infraestruturas de prevención e defensa contra os incendios forestais: camiños, vías, pistas forestais, devasas, faixas auxiliares de pista, área cortalumes e outras infraestruturas ou construcións relacionadas coa prevención e defensa contra os incendios forestais.

É competencia dos concellos adoptar as medidas de prevención de incendios forestais que lles correspondan en relación ás faixas laterais das redes viarias da súa titularidade.

4.3 Xestión da biomasa nos montes de titularidade municipal

A clasificación dos montes por razón da súa titularidade, ven definida na *Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia*, no seu *artigo 13*, sendo estes públicos ou privados.

Son montes públicos os pertencentes ás administracións públicas e a outras entidades de dereito público. O *artigo 14* os clasifica pola súa natureza xurídica, podendo ser de dominio público (ou demaniais) e patrimoniais.

Corresponderá ao concello a xestión da biomasa nos montes da súa titularidade.

4.4 Relación de parcelas afectadas

A relación de parcelas afectadas pola faixas secundarias de xestión de biomasa recóllese no Anexo I. Neste listado pódense consultar as referencias catastrais, a superficie total e a superficie de afección de cada una das parcelas. Estas están agrupadas polo número de plano no que aparecen representadas graficamente.

Dita relación poderá verse afectada pola modificación do parcelario ou por correccións ou actualizacións do presente Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais.

ANEXO

RELACIÓN DE PARCELAS AFECTADAS

PLANOS

PLANO 1 SITUACIÓN

PLANO 2
REDE DE DEFENSA CONTRA OS
INCENDIOS FORESTAIS

PLANO 2.1

REDE SECUNDARIA DE FAIXAS DE XESTIÓN DA BIOMASA PERIMETRAL AO SOLO URBANO, NÚCLEO RURAL E URBANIZABLE, E ARREDOR DAS EDIFICACIÓNS ILLADAS

